



## CONVOCATORIA DO PROGRAMA “BOLSAS SANTANDER PROGRESO COVID-19” CURSO 2020-21

### 1. OBXECTO DAS BOLSAS

A Universidade da Coruña e o Banco Santander convocan 9 bolsas do Programa “Bolsas Santander Progreso Covid 19” (en adiante *Programa*), cun importe bruto de cada bolsa de 1000 €, para a realización de estudos oficiais de grao, máster ou doutoramento na Universidade da Coruña (UDC), destinadas ao alumnado matriculado no curso académico 2020-21.

O obxectivo do *Programa* é facilitar o acceso á educación superior aos estudantes cos mellores expedientes académicos de calquera curso de grao, máster ou doutoramento e que recibisen unha bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional no curso académico 2019-20 ou se viran afectados académica, familiar o u economicamente pola situación da COVID 19.

### 2. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas serán un total de 9.000 euros cofinanciados entre a Universidade da Coruña e o Banco Santander, dentro do convenio xeral entre ambas as entidades e irán con cargo á aplicación orzamentaria 08.00.47.01.28 422D 480.00

2. A contía de cada bolsa será de 1.000€

3. O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia á conta do Banco de Santander indicada polo/a alumno/ na súa solicitude e da que deberá ser titular, unha vez que manifeste a aceptación da bolsa a través da páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com)

### 3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

**A)** Estar matriculado no curso 2020-21 nalgunha das titulacións oficiais de grao, máster ou doutoramento da UDC e ao corrente do pagamento dos prezos públicos.

**B)** Ter concedida unha bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional no curso académico 2019-20. Este requisito será condición ineludible para a asignación da bolsa, ou que algún membro da unidade familiar se atope nalgunha das seguintes situacións:

1. Estar en situación de desemprego ou de Expediente Temporal de Regulación de Emprego (ERTE) como consecuencia directa da COVID-19
2. Ser traballador/a por conta allea e ter reducido a xornada laboral por coidados como consecuencia directa da COVID-19
3. Ser traballador/a por conta propia e ter concedida a prestación extraordinaria por cese de actividade, como consecuencia directa da COVID-19



4. Ser traballador/a do fogar e ter concedido o subsidio extraordinario por falta de actividade, como consecuencia directa da COVID-19

**C)** Será condición imprescindible, estar inscrito previamente no *Programa "Becas Santander Progreso Covid-19"* a través da páxina web habilitada ao efecto: [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com)

**D)** Que o/a estudante designado/a dispoña dun dos mellores expedientes académicos do curso inmediatamente anterior á convocatoria do *Programa*, valorado segundo os criterios de selección establecidos pola UDC nesta convocatoria.

#### 4. CRITERIOS DE SELECCIÓN

As bolsas adxudicaranse de acordo coa media do expediente académico das persoas solicitantes, aproximada con catro decimais.

**1.** No caso do estudantado que accedese por primeira vez aos estudos universitarios de Grao, considerarase a súa nota de acceso á universidade.

**2.** Para o resto de alumnado, terase en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15 de setembro de 2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG n.º 188, do 30 de setembro de 2011) ao remate do curso 2019-20.

Aplicaranse os seguintes coeficientes correctores: 1,17 cando a rama da titulación sexa enxeñería e arquitectura, 1,11 cando a rama da titulación sexa ciencias e 1,05 se a rama é ciencias da saúde.

Para o alumnado de 1º de máster matriculado por 1ª vez no curso 2020-21 e doutoramento, aplicaranse estes coeficientes correctores á titulación que lles deu acceso aos estudos actuais.

**3.** No caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios: menor número de suspensos; se o empate persiste, maior número de matrículas de honra; e se o empate aínda persiste, maior número de sobresaíntes.

#### 5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

**1.** O alumnado inscrito no *Programa* a través da páxina web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com), que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, deberá tramitar a solicitude, exclusivamente, a través da seguinte ligazón:

[https://www.udc.es/sape/bolsas\\_axudas\\_premios/bolsas-santander-progreso/](https://www.udc.es/sape/bolsas_axudas_premios/bolsas-santander-progreso/)

O procedemento é integramente telemático.

**2.** Deberá subir a documentación xustificativa segundo os requisitos establecidos no punto 3. En calquera momento do procedemento, poderá requirírselle a exhibición da documentación orixinal.

A) Para todo o alumnado solicitante: xustificante do pago dos prezos públicos de matrícula do curso 2020-21

No caso de alumnado de 1º de Máster/Doutoramento que non cursara os estudos de Grao na UDC, debe subir a certificación académica dos estudos que lle deron acceso aos actuais.



B) Segundo o caso:

- Alumnado bolseiro do MEFP, a credencial de concesión da bolsa do curso 2019-20
- Resto de alumnado:
  - o Padrón municipal vixente
  - o Xustificante da situación alegada, como consecuencia directa da COVID19, segundo o caso dos recollidos no punto 3 apartado B) 1, 2, 3,4

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles dende a publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC.

## 6. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS

1. A percepción da bolsa obxecto do *Programa* será compatible con calquera outro tipo de axuda de carácter asistencial de natureza distinta ás bolsas que son obxecto deste *Programa*, calquera que sexa a súa orixe pública ou privada, a que poida acceder o estudante.

2. A persoa beneficiaria da bolsa debe manter a matrícula durante todo o curso académico. En caso contrario terá que devolver o importe da bolsa. A UDC será a encargada de lle adxudicar esta bolsa á seguinte persoa beneficiaria que cumpra cos requisitos necesarios para a súa obtención en idénticas condicións.

3. Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, do 17 de novembro

## 7. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

Secretario/a: xefe/a da Sección de Bolsas da UDC

Vogal 1: Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica

Vogal 2: Gisela Lourido Alonso, xefa do Servizo de Estudantes da UDC

Vogal 3: Carlos San Claudio Yáñez

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria.

## 8. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

1. Unha vez que remate o proceso de avaliación de solicitudes, publicaranse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada, coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

2. As persoas interesadas poderán presentar alegacións e/ou documentación no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación da resolución no TEO.

3. Unha vez revisadas as alegacións/documentación pola Comisión de Selección, publicarase a resolución que conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das bolsas, e a listaxe de agarda.

As persoas adxudicatarias da bolsa deberán aceptala a través da web: [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com)



No caso de se produciren renuncias neste período, os chamamentos faranse atendendo á listaxe de agarda.

## 9. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos-RXPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal)

A solicitude duna bolsa ao abeiro desta convocatoria, implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha de las bases previstas no artigo 6 do RXPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites;
- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza, 9, 15001, A Coruña, ou ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal); tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal); tamén poderá presentar a solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



A política de privacidade do Banco Santander pódese consultar en <https://becas-santander.com/legal/privacy>

## DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A Coruña, 7 de decembro de 2020

O reitor

Julio E. Abalde Alonso